# ATALAIA

## XORNAL ESCOLAR - Nº 2
## CEIP Cervo Nº 1



Coincidindo có remate do curso escolar 2012-13, ve a luz o número 2 da nosa revista escolar ATALAIA, feito que representa un motivo de satisfación para tódolos implicados na súa elaboración e penso que en xeral para calquera a quen esta humilde pero grande obra lle caia nas mans.

Pasatempos, poemas, refráns ou traballos arredor de calquera celebración ou honda do Cole, todo vale para acadalo obxectivo final que non é outro senón que as nenas e nenos de San Cibrao de entre 3 e 12 anos vexan realizado un traballo en común baixo a súa particular ollada.

Pola miña banda quero felicitar a tódolos implicados, titores, equipo de Normalización e sobre todo aos auténticos protagonistas que aportaron os seus traballos para que o día de hoxe o número 2 de ATALAIA sexa unha realidade.

Estes nenas e nenos, cando pasen os próximos anos seguro que sinten algo especial e si algunha ou alguén volta a botarlles un vistazo dentro de 20 ou 25 anos, sentirán algo máis especial aínda.

Por todo esto que conleva este traballo a nivel sentimental e de fomento do traballo en común, aos adultos que estivemos arredor non nos queda outra que acadalo compromiso de que ATALAIA vai tela continuidade que se merece.

Sen máis, unha aperta para todos, agardando que os que descubrades esta creación pasedes uns momentos agradables disfrutando do traballo dos vosos nenas e nenos.

Xulián

OS ALUMNOS/AS DE 4º E. INFANTIL (3 ANOS) LOGO DA VISITA AO PARQUE ZOOLÓXICO DE MARCELLE ELABORARON UN MINI-LIBRO COS ANIMAIS MÁIS SIGNIFICATIVOS. COMEZAMOS A PRESENTACIÓN!!! (PODEDES COLOREALOS, NÓS XA O FIXEMOS).




BISONTE




BURRO




CEBRA




DROMEDARIO




LINCE ............................




LOBO ............................




ÑANDÚ




OSO

VISITAMOS MARCELLE

E UN ANIMAL EN PERIGO DE EXTINCIÓN POIS É ATACADO POLO HOME



LOBO

YAGO

VISITAMOS MARCELLE



SON ANIMAIS ESCAVADORES.

SURICATA

SARA

E.I. 4 ANOS


VISITANDS MARCELLE
CISNE
DORMEN FLOTANDO
NA AUGA
DARIO


VISITAMOS A MARCELLE
É O ANIMAL MAIS RAPIDO DE
DUAS PATAS
AVESTRUZ

E.I. 4 ANOS.

VISITAMOS MARCELLE



OSO O OLFACTO É O SENTIDO MÁIS IMPORTANTE PARA OS OSOS

DANIEL

VISITAMOS MARCELLE



É UN ANIMAL BASTANTE ACTIVO

LOBO

IKER T.

E. I. 4 ANOS


VISTAMOS MARCELLE
SURICATA
NURIA


VISITAMOS MARCELLE
LOBO
IKER

E.I. 4 ANOS

VISITAMOS MARCELLE



TEN UNHA APARIENCIA SIMILAR A UN CAN

EDGAR

LOBO

VISITAMOS MARCELLE



É A AVE MAIS GRANDE E PESADA QUE EXISTE

AVESTRUZ

CRISTIAN

E. I. 4 ANOS

# COÑECENDO SAN CIBRAO

5 ANOS




San Cibrao pertence ó concello de Cervo. Ten 3 praias: a Caosa, o Torno e Abelas e tamén ten un faro que se chama Punta Atalaia. Ten unha fábica que se chama Alcoa e un Museo que se chama O museo do mar. Ten unhas illas que se chaman os Farallóns. Hai un porto pesqueiro e vou a facer as atividades ó museo do mar.

LARA



No escudo hai:

o faro do Punta atalaia.
Hai islas dos farallóns,
hai 3 praias, o mapa de san cibrao
hai area,
hai barcos e hai un porto.

IRÍA




NA Bandeira do San Cibrao:

O amarelo significa
a area e o azul representa
o mar de San cibrao.

ALICIA



Cervo pertence á provincia de Lugo.
San Cibrao pertence ao Concello de Cervo. IRIA







Bandeira de Galicia

Lugo pertence a Galicia.

LARA




JORGE

San cibrao ten un faro que se chama Faro de Punta Atalaia

MAFALDA

Tamen ten unhas illas que se chaman as Illas Farallóns.

IREA




CARLA

# "A MARUXAINA"



ALICIA

A lenda di...

Que a Maruxaina é unha serea loura, metade peixe, metade muller...
vive na cova de Xan Vello... alá nos Farallóns... entre percebes e mexillóns, onde pasa o tempo fiando con febras de liño. Nos días de temporal sóbese ó alto da Sombriza, berrando e tocando o corno... hai quen di que para avisar ós mariñeiros do perigo que corren... outros que para enganalos e levalos a naufragar... de aí a polémica que desde tempos inmemoriáis hai nesta vila mariñeira de San Ciprián...
Para revivir esta lenda, o segundo sábado de agosto, é capturada a serea polos pescadores do lugar... tráena a terra coa intención de xulgala... e celebrar unha festa na súa compaña.



MARTÍN



CELIA

Eu creo que a Maruxai
é boiña
corno para porque toca
avisar os mariñeiros
que vén
unha tormenta para que
non choquen.

DIEGO



PABLO



IRIA


Eu penso que a MarVaina
é bela porque
toca para que osmariñeiros
non choquen
DIANA
ALBA
CARLA
DIANA
MAFALDA
LARA
VICTORIA

Xuxo

Eu penso que a Maruxa
é mala porque toooocan
para que choquen os
e se fundan os barcos

VICTORIA



DIEGO



JORGE



IREA



ENZO

Xuxo

Eu penso que a Maruxa é mala
porque toca a corno para que choquen os
barcos contra rocas e se unden

PATRÍCIA

San Cibrao, ademáis da festa da Maruxaina (segundo sábado de agosto), ten outras festas.

CELIA

• A festa do ourizo: festa gastronómica que se celebra en Marzo

ENZO

ourizo



MARTÍN

• A festa da mexillón: festa gastronómi- que se celebra ca en Abril.

PABLO

mexillón



MARTÍN

• A festa da Virxe de carmen: festa patronal que se celebra o 16 de Xullo.

ALBA

# FALAMOS

Nenos e nenas de primeiro que estudamos, xogamos e o pasamos ben coa nosa lingua fixemos un feixe de cousas escritas por nós.

Na nosa clase de lingua fixemos moitas cousas, como por exemplo os refráns e ditos e aquí poñemos unha lista de eles, están clasificados por meses. Algúns deles cando nolos ensinou a nosa profe xa os sabíamos.

## REFRÁNS, DITOS...

XANEIRO- POR San Antón, toda pita pon.



FEBREIRO- Por San Blas a cegoña verás e se non a viras será ano de neves. Cando a Candelaria chora o inverno xa vai fora, cando a Candelaria ri o inverno ta por vir.



MARZO - En marzo, apigarzo. Cando marzo maiea, maio marcea.



ABRIL - En abril, espigas mil. En abril... ábreme a porta e déixame saír. En abril déixame dormir. Altas que baixas, en abril son as Pascuas.



MAIO - En maio todo espigado. Ata o 40 de maio, non saques o saio. Auga de maio, pan pra todo o ano.



XUÑO - En xuño todo maduro. Auga por San Xoán, quita o viño e non dá o pan. En xuño... barriga farta.



XULLO - En xullo dóselle co fouciño.



AGOSTO - En agosto mállase o centeo.



SETEMBRO - En setembro ou arrean as pontes ou secan as fontes.



OUTUBRO - Auga de outubro, moita froita podrece. Por San Lucas, poucas ou moitas.





NOVEMBRO - Si queres ter bon allón, prantao por San Martín. O día de todos os santos neve polos campos.



DECEMBRO- Por Santa Lucía, baixa a noite e medra o día.

a noite  e o día

Feito polos nenos/as de primeiro

# A RAPOSA E O LOBO

Erase unha vez unha raposa moi lista e un lobo moi fato. Cando iban de camin, a raposa viu unha pita. Estaban pescando.



Como non quería repartila co lobo, engañouno Díxolle que agarase o caldeiro co rabo e se tuvese quieto ata que ela lle mandase. Ela, mentras tanto, foise a comer a pita.



O lobo, que se chamaba Xoán, decía cada pouco:

– Ai, Marica, sácoo?

– Non, espera un pouquín.

E así outra vez.






Pasóu tanto tempo que o caldeiro enchéuse de troitas e o fato do lobo quedóuse sin rabo e Marica coméu a pita enteira.






Conto ilustrado polos nenos/as de 1º

As nenas e nenos de 2º de E.P. fixemos unha lembranza deses días nos que no Cole aprendemos facendo cousas diferentes, que son nos que se celebran as diferentes festas...



# O SAMAÍN

–O día 31 de outubro celebrámola festa do Samaín–Samaín é unha palabra de orixe Celta, qe era un pobo que habitou en Galicia fai uns 2.600 anos. Nesta data os Celtas celebraban o paso do verán ao inverno e tamén asociaban esta data coa vida e a morte, de xeito que crían que na noite do 31 de outubro ao 1 de novembro os mortos podían voltar para facer mal aos vivos, mesmo levalos con eles.–Para asustar aos mortos colocaban nos muros e nas portas as calaveras que eles cortaran aos seus inimigos cunha luz dentro; de ahí sae a tradición de facer calaveras coas cortizas dos calabazotes e meterlles unha candea dentro.–No cole fomos disfrazados da casa, fixemos un taller de calabazotes e unha exposición no patio cuberto, logo vimos unha peli e recollemos uns premios que nos deu a ANPA.





# O MAGOSTO

-O día 16 de novembro tivemola festa do Magosto.
-Nesta festa resáltase a importancia que tivo noutros tempo a castaña na alimentación dos nosos antepasados xa que é un dos alimentos máis antigos da humanidade. A castaña é o froito dos castiñeiros, que era unha das árbores máis abundantes en Galicia xunto co carballo, pero agora xa quedan moitos menos castiñeiros que antes.

No cole fixemos 6 xogos diferentes, divididos en equipos e dos que se encargan os compañeiros de 5º e 6º; logo repartiron castañas asadas.



# O NADAL

- Celebrámolo festa do Nadal o día 24 de decembro.
- A festa do Nadal celébrase en moitas partes do mundo e significa lembralo nacemento do neno Xesús.
- No cole tivemos toda a mañana de actividades; todos nós participamos no festival de Nadal que tivo lugar no pabillón e no que houbo obras de teatro, panxoliñas cantadas e tocadas coa frauta e un número de xogando que resultou espectacular. Os alumnos e alumnas de 2º participamos cunha panxoliña en inglés e unha obra de teatro titulada "Todo no seu lugar". O remate do festival recibímola visita de Papá Noel que no ... cubrirlo nos deixou un agasallo para cada un.

E para rematar tivemos unhas fincheiras no comedor do cole.



# DÍA DA PAZ

- Celebrámolo o día 30 de Xaneiro.
- Ainda que neste día se fai a celebración, a Paz ten que ser cousa de todolos días, todos podemos aportar moito, xa que non consiste só en que non exista guerra nun país ou entre países, senon que podemos facela posible entre todos nós na casa, no cole, no parque, en todolos sitios. Temos que pensar que os nenos e os adultos que nos rodean son persoas coma nós e polo tanto temos que levarnos ben con eles, e dicir, respetarnos uns ós outros.
- Na cole degustamos unha chocolatada no patio, despois colocamos unha mensaxe da Paz nunha pomba de cartón no patio cantamos unha canción e para rematar soltamos catro pombas.



# O ENTROIDO

- A festa do Entroido celebramos o dia de febreiro..

As festas do Entroido ou Antroido celebramos en casi toda Europa desde tempo que nos se regordan. En Galicia é un dos lugares onde mais éxito teñen esta festa, destacandoos disfraces que poden ser individuista, en parellas comparsas, etc. sendo o desfio ormomento mais importando das festas.

- No cole durante a semana trouxemos unha prenda diferente cada dia, logo o dia da festa desfilamos no patio cos disfraces e comemos postres tradicionais e facemos o xuizo e queima do Antroido.



# LETRAS GALEGAS

Cada 17 de maio celebrase o día das Letras Galegas.

Esto significa que se recorda a unha persoa que acadase moito sona por escribir en galego. Este ano adicouse a Roberto Vidal Bolaño, que naceu en Santiago en 1950 e morreu tamen en Santiago en 2002. Destacou sobre todo no teatro, facendo de todo pois foi actor, director e iluminador e mesmo fundou compañías teatrais, que son grupos de persoas que se xuntan a facer teatro. Tamen apareceu en algunhas películas e en series de televisión.

No cole durante toda a semana fixemos actividades relacionadas con Roberto Vidal Bolaño e a súa obra.







Os alumnos de 2º ciclo de primaria de San Clerao fixemos un traballo sobre Roberto Vidal Bolaño. Letras Galegas 2.013





Roberto Inacia Vidal Bala-ño naceu o 31 de xullo de 1950 en Santiago de Compostela.

Marta

Os seus pais chama-banse Roberto e Carmen etiberon outra filla chamada Mª. del Carmen.

Álvaro






Os seus primeiros anos de vida viveunos en Vista-Alegre as aforas de Santiago de Compostela.

Elisa



Estudou de primaria e bacharelato en varios colexios desta cidade.

Samuel P.S.

Púxose a traballar dende moi novo con 12 anos repartía recambios de coches.

Roi





Tamén traballou num banco.

Raúl



Con 27 anos decide adicarse ao teatro profesional.

Yosé López Landeas.

Creou a súa propia compañía teatral Antroido.

Ana





Escribe e dirixe as súas propias obras.



A súa primeira obra de teatro foi (O Xogadoiro.)

Manuel

Gañou moitos premios teatrais.

Zoe



Sempre con obras escritas en galego.





Tamen traballou Roberto no cine e na television.

María

Foi actor de dobraxe em mais de cincuentas pelícu-las

Silvia.





Morreu en 2.002.

Eva.




Conta a historia do secuestro dun transatlantico polos revolucionarios que conseguiron chamar a atención internacional contra das dictaduras de e Franco.




Conta a peripecia dun campesiño metido a albanel, que descubre a imposibilidade de integrarse na sociedade.





Trata sobre a vida e amores de Don Esmeraldino da Cámara Olello de Lima, o Galo de Portugal.




É unha comedia sarcástica sobre unha realidade que ten un comportamento cruel no que o protagonista é un monstro galego

É unha comedia sarcástica sobre os xardíns que acompañan aos adosados.






Trata dos amoríos entre Polly e Mackie, o nawalla. Coa obra vanse entrecruzando outros moitros motivos que dan conta da corrupción que había por aquel entón en Londres.



Tratan da ocultación da verdade por parte de Don Olauro ao Papa Leon XIII, nun informe que lle debe redactar.

É unha visión desmitificadora arredor de Rosalía de Castro e da súa relación con Manuel Murguía



Obra de teatro pertencente a "As actas escuras" e "Harmonia" publicaron en Xaneiro de 1998






Conta o relato do camiño francés, xuntando aventura, violencia, tenrura e envolvendo todo do espírito do camiño

É un espectáculo de títeres no que se fala da Lúa e do Sol e do que aconteceu no inferno.




Angel
Beatriz
Alejandra
Marina
fin
Zoe
Yosé L.L.
Samuel
3º - 4º PRIMARIA

O seu cabelo
está feito de ouro
enrolado dende a cabeza
ata o pescozo.



Na súa cara
resaltan dous luceiros
grandes e azuis como o ceo.



As súas meixelas
son como dúas mazás
vermellas e grandes
poderíanse confundir cun tomate.



Os seus beizos
parecen amorodos
e sempre que teñen unha sonrisa
van a misa.





Xa para rematar
só queda sinalar
que o seu corpo
é tan grande como un tronco
e os seus pés tan pequeniños
que parecen os dos poliños.





4º PRIMARIA

# Hotel Transylvania







Mavis quería saír a ver o mundo.
¡Ay! vou saír a ver o mundo
Porque non podo?
Non podes saír
Cando cumpliu 118 anos o seu pai ficolle unha festa onde invitou a todos os monstros.
Festa!
Festa!
Festa para todos os monstros


Que pasada!
De repente aparece un invitado inesperado...


Drácula engádase ao humano.
Como encontraches este sitio?
Estaba facendo escalada e oín unha historia sobre un castelo alucinante


Drácula disfraza a Jonhy de Frankenstein.
Teño que vixialo
Uuuuu...
Coñécense e namóranse.
eu son Jonhy
e eu son Mavis


Drácula decatase do romance entre Mavis e Jonhy e intenta hipnotizar a Jonhy para botalo do hotel.
Ja ja ja! non me podes facer nada que levo lentillas
Mavis entérase do que fixo seu pai e enfádase con el. Drácula vai buscar a Jonhy para pedirlle que volva.
Atopaume
Jonhy!


Drácula trae de volta a Jonhy
Vamos ao hotel
Vamos
Vou ver a Mavis
Todos os monstros entérense de que é un humano.
meu curmán é un humano
Un humano!
Que non é o teu curmán

Mavis abre o regalo que lle deixou súa nai polos 178 anos.




Na festa sorpresa que Johny lle preparou polo cumpreanos amosan o seu amor a todos.




ZAIRA N.
NANO
MARINA
MARCOS
BEA
DANI
ANTONIO
ZAIRA B.
ANGEL
ALEJANDRA

4º PRIMARIA

# A BRUXA REGAÑA DENTES

O 30 de maio tivemos a visita dunha contacontos, chamada Raquel, que nos ensinou a ver as películas doutro xeito i metías unha cinta de debuxos nun aparato que representaba as imaxes mediante unhos espellos. Tamén nos ensinou os planos do cine, que eran:



PLANO XERAL



PLANO AMERICANO



PLANO MEDIO



PRIMER PLANO



PRIMERÍSIMO PRIMER PLANO



PLANO PICADO



PLANO DETALLE



PLANO CONTRAPICADO

Vimos a curtametraxe de animación A BRUXA REGAÑADENTES sobre o libro do mesmo nome de TINA MEROTO e MAURIZIO A. C. QUARELLO.

As diferenzas da bruxa regaña dentes e a curta son:

No conto aparece toda a nai e os nenos xogando na árbore. Na película só aparece a man da nai e os nenos cazando bichos.

No conto, a bruxa aparece coa pel normal e na película ten a pel azul.

No conto, ao final, os nenos aparecen na casa e, na película, o neno máis pequeno solta o bicho que a bruxa tiña capturado.

Carolina 5º

Diego

Joel.



# Rosalia de Castro

O día 24 de febreiro na nosa clase conmemoramos o nacemento de Rosalía. Naceu en Santiago de Compostela 1837, despois foise vivir a Padrón con súa tía Teresa de Castro.
En abril de 1858 Rosalía trasladouse a Madrid para ser escritora. No ano 1858, 10 de outubro casou con Manuel Murguía e viviu en Madrid, A Coruña, dende ao traballo do seu home. Tivo sete fillos unha era Alejandra, Aura, Gala, Ovidio Mara, Adriana Honorata que morreu a os dezaoito meses e Valentina que naceu morta.
Os últimos anos da súa vida transcurriron na comarca de Padrón.



Rosalía de Castro



Manuel Murguía

Rosalía morreu o 15 de xullo de 1885 e está enterrada no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela.









Bárbara, Iolan, Iván 5º




Este ano traballamos as digerentes máscaras do Antroido Galego. Especialmente traballamos sobre as máscaras da provincia de Ourense. Máscaras Antigas de moita tradición.

CIGARRÓNS DE VERÍN:

Levan unha pantalla de madeira e levan galla e accesorios que digicultan moito a mobilidade e hai que entrenar moito.



CIGARRÓN



PANTALLA

PANTALLAS DE XINZO.

As pantallas visten camisa e calzón blanco, capa vermella ou negra, pañoleta (case sempre vermella), polainas negras e zapatos.

PELIQUEIROS.

Levan seis "chocas" similares a cencerros. Cada un pesa un kilo e medio. E están realizados de ferro e bronce. Suxétanse gracias a un cinturón de pel que soporta ese peso.



XERIS DO ULLA

Van en cabalo e percorren parroquias ao longo do día.

PELIQUEIRO



XERAL DO ULLA

BOTEIROS

O boteiro leva unha carauta de cor negra, unha pantalla feita de papeis de cores entrelazados. Un pantalón vermello é unha camisa con fitos de cores rizadas.



BOTEIRO

Gilson

Maruxa 5º EP




O 17 de maio cumpríronse 150 anos da publicación da gran poeta galega: Rosalía de Castro de Cantares Galegos. Foi publicado no Galego, lingua esquecida. Cantares Galegos
Un libro de Cantares Galegos
varios séculos
nos poemas de tipo costumbristas, amorosos,...
Cantares
Galegos
150
aniversario
Cantares gallegos,
teus dulces cantares,
que así me pediron
na beira do mare...
Un repolludo gaiteiro,
Jimena
Óscar
Hugo
5º E.P
Cómo chove miudiño
cómo miudiño chove,
cómo chove miudiño
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove

fomos a xantar ao Parque Rosalía de Castro. Cando rematamos de comer xogamos, vimos pombas e tomamos un xelado. Mais tarde, demos un paseo todos xuntos pola Muralla romana,



que por certo é un monumento Patrimonio da Humanidade. Andivemos moito e víanse moi boas vistas desde enriba da muralla. Cando xa baixamos dela, na Praza de Campo Castelo, estivemos cunha exprofesora do noso colexio.

Ás catro da tarde saímos cara ao Castro de Viladonga, pertencente á cultura castrexa galaico-romana, que está situado a uns 23 quilómetros da cidade de Lugo, no Concello de Castro de Rei. Cando chegamos ao Castro separámonos por cursos; cada clase co seu titor foi percorrendo os restos dos muros de pedra do poboado castrexo. Logo visitamos o Museo Arqueolóxico do Castro, que está situado no mesmo lugar.



Os profesores repartíronnos un Caderno de Actividades que tiñamos que ir completando segundo iamos observando os paneis informativos e mailas vitrinas das catro salas

do Museo. Nas vitrinas había todo tipo de obxectos atopados nas excavacións do Castro, como por exemplo dous taboleiros coas súas fichas de damas. Tamén había fotografías grandes, restos de cerámica castrexa, adornos, etc. Chamounos a atención unha maqueta grande que reproducía todo o Castro de Viladonga, cos seus muros de pedra e madeira. Ao remate da visita, pasamos a un salón de actos onde nos puxeron un vídeo que recreaba a vida e costumes duns 200 habitantes que viviron neste poboado castrexo no século III despois de Cristo, adicados á agricultura e gandería.

Antes de saír para San Clodio, merendamos uns bocadillos no mesmo lugar de Viladonga. Chegamos á casa ás oito e media da tarde. Foi unha viaxe moi divertida!!

[Feito por: Alumnos/as de 6º]




NON SOLO FUTBOL...
TEMOS EDUCACIÓN FÍSICA

# Xogos de magosto





# Semana del patín


Correeeeee!!
A todo gas!!!!

# PROVERBS: REFRANES.

- A BIRD IN THE HAND IS WORTH TWO IN THE BUSH:
  - Vale más pájaro en mano que ciento volando.

- A FRIEND IN NEED IS A FRIEND INDEED:
  - Los amigos son para las ocasiones.

- BETTER LATE THAN NEVER:
  - Más vale tarde qué nunca.

- A MAN IS KNOWN BY THE COMPANY HE KEEPS:
  - Dime con quién andas y te diré quién eres.

- HIS BARK IS WORSE THAN HIS BITE:
  - Perro ladrador poco mordedor.





6º de primaria.

# PASATEMPOS MUSICAIS.

• Adiviña e completa:

1.- É a nota que se escribe na segunda liña.

2.- Non hai son.

3.- Figura musical que dura dúas pulsacións.

4.- Escríbese ó empezar o pentagrama.

5.- É a nota que se escribe na terceira liña.

6.- Figura musical que dura un pulso.

7.- Cinco liñas para escribir música.




Andrea - 6º

## Sopa de letras:

1. Bombo.
2. Pandeiro.
3. Maracas.
4. Xilofono.
5. Ferreñas.
6. Pandeireta.
7. Pratos.
8. Caixa chinesa.
9. Claves.





| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | L | A | V | E | S | O | E | I | T | I | G | D | T | X |
| A | N | Z | J | P | E | E | H | Y | K | L | A | Y | S | I |
| I | V | V | K | G | A | C | I | R | G | M | P | W | L | L |
| X | P | I | Q | R | R | L | C | S | C | X | Y | D | S | O |
| A | A | T | G | V | D | K | A | G | J | U | Q | H | J | F |
| C | I | W | Q | T | L | C | S | P | D | G | F | K | T | O |
| H | R | A | Y | U | A | D | I | C | W | K | E | O | W | N |
| I | L | H | U | R | Z | I | O | Y | J | H | R | I | D | O |
| N | P | T | A | M | S | R | J | P | C | U | R | R | I | P |
| E | T | M | X | J | I | T | S | L | T | L | E | K | M | R |
| S | J | I | T | E | N | O | F | G | C | T | Ñ | S | B | A |
| A | O | L | P | L | Y | U | F | V | Q | I | A | Q | O | T |
| B | N | N | A | T | D | A | Y | D | W | R | S | C | M | O |
| Y | A | S | W | X | F | P | F | O | J | V | P | M | B | S |
| P | A | N | D | E | I | R | E | T | A | F | A | Q | O | K |

Ángela:

Nacho:

Alejandro:

* **Comeletras**: se anulas correctamente as letras sobrantes, obterás o nome de cinco instrumentos pupulares galegos.

MUGSAHILTAO

PIATNDUEILROETA

BUOJMBHO

CTAOSUTAIÑPOILANS

PDAKNIDMENIDRTOHI

* **As Flores**: se ordenas correctamente as letras obterás o nome de grupos ou intérpretes folk galegos:










* Ordena as letras e obterás o nome de tres instrumentos de vento-madeira.










6º Irán, Juan, Jose Manuel ...



Enchemos o cadro con números do 1 ao 6? Non vale repetir na horizontal, vertical nin dentro dos cadriños menores.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 4 | | | 3 | 6 |
| | 2 | 1 | | 5 | |
| | | 3 | 4 | | |
| | | 4 | 3 | | |
| | 5 | | | 2 | |
| 6 | 3 | | 5 | 4 | 1 |

Busca o nome destes peixes.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | X | F | K | W | L | S | S | U | J |
| G | W | Q | L | B | O | N | I | T | O |
| T | N | B | B | A | L | E | Q | X | O |
| Q | V | P | E | S | C | A | D | A | V |
| D | F | R | O | B | A | L | I | Z | A |
| Y | B | L | K | S | Z | Y | Q | H | V |
| C | H | I | C | H | A | R | R | O | Z |
| L | P | E | I | X | E | S | A | P | O |
| W | U | J | Ñ | Z | C | Ñ | K | X | E |
| G | S | A | R | D | I | Ñ | A | H | N |

BONITO
CHICHARRO
PEIXESAPO
PESCADA
ROBALIZA
SARDIÑA

Atopa os peixes no fondo do mar. Colorea o debuxo.



# RECOMENDACIÓNS DE LECTURA PARA O VERÁN

Un ano máis queremos recomendarvos un montón de contos e libros para que os gocedes durante o verán.

E xa sabedes... "Ter un libro novo é unha aventura!!"

## * * * * PARA OS MÁIS PEQUENOS * * * * *



**OSO ATRAPABOLBORETAS**
**OQO Editora**
**Autora: Susanna Isern**




**O SOÑO DE MATÍAS**
**Editorial KALANDRAKA**
**Autor: Leo Lionni**




**PERDIDO?**
**Editorial PATAS DE PEIXE**
**Autor: Oliver Jeffers**



**OS PETOS DE LORETO**
**Editorial KALANDRAKA**
**Autora: Quentin Blake**

## * * * * PARA OS PRIMEIROS LECTORES * * * *




**NA BUSCA DUN FOGAR**
Editorial PATAS DE PEIXE
Autor: Alexis Deacon




**A CASA REDONDA**
BAÍA Edicións
Autora: Paula Carballeira



**CONTOS DE RATIÑOS**
Editorial KALANDRAKA
Autor: Arnold Lobel




**CANTAROLAS**
Edicións XERAIS de Galicia
Autor: Xosé Neira Vilas

E como nos gusta cantar e bailar... uns discos e a troulear!!



TIC TAC - PABLO DÍAZ
Editorial KALANDRAKA



OLA, OLA LA! – MAMÁ CABRA
Editorial GALAXIA

## * * * * PARA OS QUE XA SON EXPERTOS * * * *




**A LAGOA DAS NENAS MUDAS**
Editorial XERAIS
Autora: Fina Casalderrey



**A NOITE DOS ANIMAIS**
Editorial GALAXIA
Autor: Agustín Fernández Paz




**ALMANAQUE MUSICAL**
Editorial KALANDRAKA
Autores: Antonio Rubio e David Pintor



**A PRINCESA QUE VENCEU A SOMBRA**
EVEREST GALICIA
Autor: Xoán Babarro

**E so cae un chaparrón... unhas pelis, e todos ao salón!!**




BRAVE (INDOMABLE)



KERITY, LA CASA DE LOS CUENTOS

# ADEUS CO CORAZÓN...!

Que... Iván! Preparando algunha que outra bromiña para o "insti"?? Xa estaba farto de estar aquí, tiña que probar cousas novas!! Ata logiño!

Non! Que va! Ía coller un libro do andel de ahí atrás. As bromas xa chas farán no "insti". Non te preocupes por iso!

Parade xa!! Que xa sodes maiores para iso. Sobre todo agora que xa somos "pícaros" da ESO! Bye, Bye!!

Bueno, bueno! Eu coido que xa estamos ben preparados para ir á ESO. Despois de tantos anos..! Bueno, xa sei que nos vades botar de menos!



Que Nacho! Estás preparado para deixar o COLE? Imos botar de menos aos profes e moitos compañeiros de 4º e 5º. Pero no INSTI pasarémolo ben!

Carai Cristian! Xa vas camiño para o instituto, non? Nótasèche que tes moitas ganas de marchar! Bueno, pero acabouse isto!! Felices vacacións a TODOS!!!

Non, Nacho, mal. É que me aburría e quería marchar. Pero tamén teñ moita razón. Quero irme para o... INSTITUTOooo!

Adeus nenos, Adeus profes, Adeus Cole... Adeus, por fin adeus! Gostouvos... eh?

Teño moitas ganas de irme para o instituto. Queiras ou non é unha etapa máis da vida e espero que divertida!

# CEIP "CERVO Nº1"

Estrada de Río Covo, s/n

27890 Lieiro – Cervo (Lugo)

Tlf. /Fax: 982594406

ceip.cervo.numero1@edu.xunta.es



# Curso 2012-2013

Subvencionado por:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega agradece a participación a todos os que fixeron posible a publicación desta edición.